


ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DO PARQUE EMPRESARIAL DE PEREIRO DE AGUIAR.



CAPITULO I

DA ASOCIACIÓN, OS SEUS MEMBROS E FINS.

Artigo 1º.- Constitución, denominación e ámbitos.

1) Baixo a denominación de "ASOCIACION DE EMPRESARIOS PARQUE EMPRESARIAL DE PEREIRO DE AGUIAR" constitúese en Pereiro de Aguiar esta asociación, que se rexirá polos presentes estatutos, e no seu defecto, pola Lei 19/77 de 1 de Abril que regula o dereito de Asociación sindical, polo Decreto 873/77 de 22 de Abril, e demais disposicións legais e regulamentarias que lle sexan de aplicación.

2) O seu funcionamento axustarase en todo intre a principios democráticos e os seus cargos directivos proveeranse mediante sufraxio libre e secreto.

3) Ten recoñecida liberdade de reunión, de expresión e actuación dentro dos límites legais e estatutarios, e goza de protección legal para garantir a súa independencia respecto da Administración Pública, así como contra todo acto de inxerencia por parte doutras asociacións.

4) A Asociación desenvolverá as súas actividades preferentemente dentro do marco territorial da provincia de Orense, sen perxuízo das actuacións que sexa preciso levar a cabo en outros ámbitos territoriais, e representa-los intereses colectivos dos empresarios do Parque Empresarial de Pereiro de Aguiar.

Artigo 2º Membros da Asociación

Pertencerán á Asociación, as persoas naturais ou xurídicas titulares de empresas que desenvolvan a súa actividade no Polígono Industrial de Pereiro de Aguiar.

A condición de asociado adquirírase polo feito de ser titular dunha empresa en devandito polígono, previo acordo da Xunta directiva, que se limitará a examina-la solicitude de admisión e comprobar se o solicitante reúne algunha das condicións expresadas no paragrafo anterior.

Quienes sucedan a outros asociados por adquiri-las empresas por actos intervivos ou mortis causa, ostentarán os mesmos dereitos que os seus antecesores, se neles concurren os requisitos establecidos nestes estatutos e previa proba do título, que acredita a subrogación.

Deixarase de pertencer á asociación polas seguintes causas:


Cesión por calquera título, da titularidade da empresa enclavada no Parque Empresarial de Pereiro de Aguiar.

M O F

RECAUDACIÓN DE IMPUESTOS
RODOLFO ENHÄNGER, S.L.
C/ Ourense, 121 de Pereiro de Aguiar
31012 AGUIAR - Ourense - España
T 988 111341

SITL
SOCIEDAD TEXTIL LONIA, S.A.
CIF A-92226003

RECAUDACIÓN DE IMPUESTOS
RODOLFO ENHÄNGER, S.L.
C/ Ourense, 121 de Pereiro de Aguiar
31012 AGUIAR - Ourense - España
T 988 111341



Acordo da assemblea xeral, por incumpli-lo asociado cas normas contidas nos Estatutos e nos regulamentos que se aproben para o uso dos servicos comuns, e , en particular, por non estar ó corrente no pago das cuotas e derramas ordinarias ou extraordinarias establecidas pola Asamblea para a atención dos presupostos da Asociación.

A perda da condición de asociado por calquera dos motivos expostos levará consigo a de tódolos dereitos, sen excepción algunha, e sin que o excluído poda exisi-la devolución total o parcial das cuotas ou derramas satisfeitas. No caso de readmisión, que será concedida discrecionalmente pola assemblea xeral, o socio readmitido deberá aboar previamente tódalas cuotas e derramas saisfeitas polos demáis asociados durante o período en que estivo de baixa.

Quedarán en suspenso os dereitos dun asociado por peche da súa empresa. Para recuperalo uso de tales dereitos, deberá poñerse ó corrente no pago da forma expresada no paragrafo anterior.

Artigo 3º.- Personalidade xurídica

A Asociación terá personalidade xurídica propia, de conformidade co disposto nas disposicións legais vixentes e de acordo cos seus fins

Artigo 4º.- Duración

Constituese a asociación por tempo indefinido. So poderá ser disolta ou suspendida mediante resolución do órgano xudicial baseada na realización das actividades determinantes da ilicitude ou en outras causas previstas nas leies ou nos Estatutos.

Artigo 5º.- Domicilio

A asociación terá o seu domicilio, para tódolos efectos correspondentes en local social de la empresa Mecanizados Rodríguez Fernández, S.L. en el poligono empresarial de Pereiro de Aguiar, Vía principal, código postal 32900 de la provincia de Ourense .

Artigo 6º.- Fins

A Asociación terá os seguintes fins:

- a) Representar, orientar e defende-los intereses comúns dos aosciados, na súa condición de titulares das empresas enclavadas no Parque Empresarial de Pereiro de Aguiar, fronte a terceiros e as entidades particulares e oficiais de toda índole, así como os intereses propios da asociación.
- b) Orientar e desenvolver toda clase de iniciativas que podan redundar en beneficio das empresas do Parque Empresarial de Pereiro de Aguiar.

Handwritten signature and stamp of RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, S.L. with address: Parque Empresarial de Pereiro de Aguiar, Pereiro de Aguiar - Ourense - España, C.I.F. B-32.016.915

Handwritten signature and stamp of SOCIEDAD TEXALLONIA, S.A. with C.I.F.A. B-2226003

Handwritten signature and stamp

Informar e asesorar debidamente os seus asociados de canto poda ter relación ca
sua condición de empresarios do parque empresarial de Pereiro de Aguiar.
Fomenta-la relación da boa vontade entre as empresas do Parque empresarial e
evitar e dirimi-las contiendas ou diferencias que podan surdir entre eles con
motivo de ditas relacións ou o uso das zonas ou servicios comúns
Administra-los servicios tales como os de limpeza, mantemento, vixilancia, etc,
nas zonas de uso común
Establecer, en colaboración cos Organismos Oficiais pertinentes servicios de uso
común a tódalas empresas enclavadas na seguridade, salas de recreo e, en
xeral, cantos outros poidan contribuir a mellora-las condicións das empresas
situadas no parque empresarial.
Calesquera outros fins lícitos que poidan considerarse de interese para as
empresas incluídas no parque empresarial, dentro do espírito que inspira a
constitución desta asociación.

2) A asociación non persigue fins lucrativos nin políticos, senon intereses xerais e
comúns ós empresarios do Parque Empresarial de Pereiro de Aguiar e toda
clase de ingresos de que poidan dispoñer, destinaranse ó cumprimento dos fins
antes expostos.

CAPITULO II

DEREITOS E OBRIGACIÓNS DOS ASOCIADOS

Artigo 7º .- Dereitos


Os asociados disfrutarán dos seguintes dereitos:

Asistir con voz e voto ás reunións da Asamblea Xeral
Censurar, previa á correspondente moción ante a Xunta Directiva, a labor desta o
de seus membros.
Utilizar, dacordo cas normas de boa vecindade e ós respectivos regulamentos de
réxime interior, as instalacións e servicios de uso común establecidos pola
asociación ou encomendados a esta para a súa administración.
Solicitar e obter da asociación, o necesario asesoramento e axuda en cantos
problemas teñan relación ou xesan consecuencia da súa condición de
empresarios do Parque Empresarial
Examina-los libros de contabilidade, actas, estadísticas e demais documentos da
Asociación na forma prevista nos Estatutos e nas disposicións vixentes
Ocupar cargos directivos na Asociación
Os demais establecidos nas disposicións vixentes

Para o exercicio do dereito a que refírese o apartado a), cada asociado terá un
voto




SOCIEDAD TEXTIL LONIA, S.A.
CIF A-32026003



PRESENCIA
07

Para o exercicio do dereito de censura previsto no apartado b) presentarase á Xunta Directiva a correspondente modificación por escrito e cunha antelación mínima de cinco días á celebración da sesión da Asamblea Xeral

Para o uso dos servizos e instalacións comúns de que trata o apartado c) anterior, os asociados ateráanse a estes Estatutos, as normas de boa vecindade e os regulamentos, que con tal fin poderá aproba-la asamblea Xeral. As diferencias que podan surdir a este respecto serán resoltas, en primeira instancia pola Xunta Directiva, e en segunda e última instancia, pola Asamblea xeral.

Polo exercicio do dereito ó asesoramento e axuda a que se refiére o apartado d), os asociados deberán dirixirse á Xunta directiva, quen someterá o asunto ó asesor correspondente.

Para o exercicio do dereito de información previsto no apartado e), os asociados dirixiranse por escrito á Xunta Directiva, o á propia Asamblea Xeral, en forma verbal durante a celebración dunha sesión plenaria, solicitando informes ou aclaracións que estimen precisos acerca dos asuntos comprendidos na orde do día.

Artigo 8.- Obrigacións

Serán, obrigacións dos asociados:

Cumprir os estatutos, os regulamentos aprobados pola asamblea xeral para o uso das instalacións e servizos comúns e dos demais acordos adoptados pola asamblea, e a xunta, dentro do ámbito das súas funcións

Pagar as cuotas e derramas que, con carácter ordinario se establezan pola asamblea

Mantense dentro da disciplina da Asociación e presta-la colaboración necesaria en interese do seu bo funcionamento.

Atender as propostas dos órganos da Asociación sobre o cumprimento da normativa do Parque Empresarial.

Reparar o seu cargo e pola súa conta, aqueles desperfectos ou alteracións que directa ou indirectamente se produciran pola súa causa nas zonas de uso común sometidas ó cuidado da asociación.

CAPITULO III

DOS ORGANOS DE REPRESENTACIÓN, GOBERNO E ADMINISTRACIÓN

Artigo 9º.- Órganos da asociación

A asociación será rexida, gobernada e representada pola asamblea Xeral de Asociados, a xunta Directiva, e, por delegación desta, polo Comité de Dirección.

SECCIÓN 1ª

RODRIGUEZ RODRIGUEZ, S.L.
Calle de Pereiro de Aguiar
36010 - Ourense - España
910 315

STL
SOCIEDAD TEXTIL LONIA, S.A.
CIF A 52226003

COMITÉ DE DIRECCIÓN

CONST. 10112
SISTEMA DE REGISTRO
PRESENCIA
De 3 01 03
[Signature]

A assemblea Xeral.

Artigo 10º.- Composición e acordos da Asamblea

A assemblea Xeral de asociados, é o órgano soberano da asociación e estará constituída por tódolos asociados. Decidirá por maioría simple ou cualificada, os asuntos propios da súa competencia.

Tódolos asociados, incluso os ausentes debidamente notificados, e os disidentes, quedarán sometidos ós acordos da Asamblea Xeral, facendo constar en acta as razóns do seu desacordo, se así o desexan, ou salvar a súa responsabilidade.

Artigo 11º.- Clases de Assembleas

As reunións da Asamblea xeral poderán ser ordinarias ou extraordinarias e serán convocadas pola Xunta Directiva

Artigo 12º.- Asamblea xeral ordinaria

A assemblea xeral reuniráse en sesión ordinaria unha vez o ano, dentro dos cinco primeiros meses naturais, para censura-la xestión da Xunta directiva, estudar e no seu caso, aproba-las contas e balances do exercicio anterior, aproba-los plans e presupostos, nomea-los membros da Xunta Directiva e, en xeral, tratar calquera outro asunto da súa competencia.

Tódalas demais reunións da assemblea terán a consideración de extraordinarias

Artículo 13º.- Convocatoria

As Assembleas Xerais deberán ser convocadas mediante notificación domiciliaria ós seus membros por correo certificado con acuse de recibo ou de xeito que quede constancia a súa convocatoria, con oito días alomenos de antelación á data da reunión .

A convocatoria expresará as datas, lugar e hora da reunión en primeira e segunda convocatoria e tódolos asuntos que se teñan que tratar.

Entre a primeira e a segunda convocatoria mediará como mínimo, media hora.


No caso de urxencia, as motivacións expresaránse na convocatoria, será válida esta, calquera que sexa a forma e prazo, pero de modo, sempre, que queda constancia escrita da recepción da convocatoria, sempre que a acta da reunión correspondente conste expresamente que foron convocados tódolos membros.

Artigo 14.- Quórum de asistencia

As assembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria, cando concurran a elas os socios que representen alomenos á maioría dos asociados e dos votos

[Signatures and stamps]
RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ S.L.
SOCIEDAD TEXTIL LONIA, S.A.
CIF: A-2226053

correspondentes a todos aqueles. Na segunda convocatoria, será válida a constitución calquera que sexa o número de asistentes e votos presentes ou representados na sesión.



Artigo 15º- Quorum de votación

Cada asociado terá un voto por cada empresa de que sexa titular en devandito parque empresarial, e asimismo, a cada empresa correspóndelle o pago de unha cuota.

Será necesario o voto favorable das dos terceiras partes dos votos e da maioría dos asociados presentes ou representados na asamblea Xeral Extraordinaria para a disposición ou enaxenación de bens, acordos para constituir unha federación ou para integrarse nunha xa existente, modificacións estatutarias, imposición de cuotas ou derramas de carácter extraordinario e disolución da asociación.

Nos demais casos, bastará o voto favorable da maioría dos votos que teñan os asociados presentes ou representados na reunión.

Artigo 16º.- Asamblea Xeral Extraordinaria

A xunta directiva poderá convoca-la asamblea xeral Extraordinaria, sempre que o estime convinte ós intereses da Asociación. Deberá , asimismo, convocala cando o soliciten un número de asociados que represente, alomenos, a décima parte dos votos correspondentes á totalidade dos membros da asociación o 25% destes, expresando na solicitude os asuntos a tratar na reunión.

Artículo 17º .- Representación

- 1.- Os asociados poderán facerse representar na asamblea por outro asociado
- 2.- A representación deberá conferirse por escrito e con carácter especial para cada sesión, previa autenticación da sinatura ante o secretario da Asociación, o confirmación da delegación do voto ó mesmo por calquera medio veraz

Artigo 18º.- Suspensión do dereito de voto

Non terá dereito o voto aqueles asociados que se encontren en mora no pago das cuotas ou derramas ordinarias ou extraordinarias acordadas pola asociación, se pasaren mais de tres meses dende a recepción do aviso de pago, sen que este se houberse verificado.

Artigo 19º.- Competencia da Asamblea


1.- Sen perxuízo das facultades xerais de goberno, competen de forma especial á asamblea xeral as seguintes funcións.

a.- Aprobación e modificación dos estatutos, así como dos Regulamentos polos que se rexirán.

A handwritten signature in black ink, appearing to be 'P. M. S.'.

A handwritten signature in black ink, appearing to be 'A. L. S.'. Below the signature is a circular stamp with the letters 'STL'. Below the stamp, the text reads 'SOCIEDAD LA VILA LONIA, S.A.' and 'C.I.F. A-1226003'.

A handwritten signature in black ink, appearing to be 'J. M. S.'.



- b.- Elexir Presidente e os membros da Xunta Directiva por votación secreta
- c.- Separación dos membros da Xunta Directiva
- d.- Acordar sobre a baixa, separación e readmisión dos asociados
- e.- Imposición de cuotas ou derramas ordinarias para o sostemento dos presupostos xerais
- f.- Censura-la xestión da xunta Directiva
- g.- Estudiar e no seu caso, aprobar, contas e balances do exercicio anterior
- h.- Aproba-los planes, programas, presupostos e memoria de actividades da asociación
- i.- Disposición e enaxenación de bens e concertar operacións de préstamos ou créditos
- j.- Constituir unha federación ou para integrarse en outra xa existente
- k.- Acorda-la disolución da asociación.
- l.- Marcar directrices orientando a actuación da xunta Directiva
- ll.- O establecemento de cuotas específicas para o sostemento daqueles servicios que con carácter voluntario sexan solicitados polos seus membros.
- m.- Adoptar acordos en relación ca representación, xestión e defensa dos intereses da asociación e comuns dos seus membros
- n.- En xeral calquera outros asuntos que afecten á Asociación ou que se sometan á sua consideración polos órganos facultados ó efecto

2.- Non obstante, a assemblea poderá, en calquera momento, delegar na Xunta Directiva tódalas facultades que sexan da sua competencia, sempre que tal delegación non se opoña ó disposto nas normas vixentes.


Artigo 20º.- Presidente e Secretario


1.- A assemblea será presidida polo Presidente da Xunta Directiva, que dirixirá os debates e, no seu defecto, polo vicepresidente e por aquel membro da Xunta Directiva que se designe ó efecto por esta. Actuará de Secretario o da Xunta Directiva ou ó vocal que a propia Xunta designe

Sección 2ª


MANUEL FERNÁNDEZ, S.L.
C/ do Castelo do Aguller
15100 - Ourense - España
T 988 310


SOCIEDAD TEXTIL LONIA, S.A.
CIF A-3226003





A Xunta Directiva

Artigo 21º.- Composición

A Xunta Directiva estará constituída polo Presidente, Vicepresidente, Secretario, Tesoureiro e un mínimo dun vocal, elixidos entre os membros da asociación

Artigo 22.- Duración do cargo e renovación

1.- Os membros da xunta desempeñarán os seus cargos durante un prazo máximo de 4 anos e poderán ser reeleixidos indefinidos.

2.- Por excepción, os membros da xunta constituente da asociación desempeñarán o seu cargo durante un ano, se ben poderá ser igualmente reeleixidos

3.- Os cargos da xunta no son renunciabes, agás motivo suficientemente apreciado pola asamblea

Artigo 23º.- Provisión interina de vacantes

Se durante o tempo para o que foron nomeados prodúcese vacantes na xunta directiva, poderá designar esta, entre os asociados, as persoas que teñan que ocupalas, ata que se reúna a próxima Asamblea xeral, ordinaria ou extraordinaria.

Artigo 24º.- Retribución

Os cargos da xunta directiva e os do comité da dirección, non darán dereito a retribución algunha

Artigo 25º.- Separación

Os membros da xunta directiva poderán ser separados, en calquera momento dos seus cargos, pola asamblea xeral


Artigo 26º.- Funcións


1.- Corresponden á xunta directiva as seguintes funcións:


Representar á asociación nas súas relacións con terceiros e ante toda clase de entidades e organismos privados ou oficiais e ante tribunais e xulgados de calquera orde e xurisdicción, en toda clase de asuntos relacionados co interés da asociación ou dos seus membros en relación cos fins da asociación.

Conferir apoderamentos a outras persoas para o cumprimento das súas funcións

A xestión dos intereses da asociación e os particulares dos seus membros dentro do ámbito dos fins daquela


SOCIADADES DE ALUGAR S.L.
C/ RÍO DE ALUGAR - DUMBA - BACÁN
T.F. +34 922 019 313


S.L.
SOCIADADES DE ALUGAR S.L.
C/ RÍO DE ALUGAR



Redacta-los planes, programas, presupostos e memoria de actividades da asociación para formula-las correspondentes propostas á assemblea xeral.

Adxudicar a realización de obras e instalacións de uso común e a explotación dos servicios comúns dentro das directrices establecidas pola assemblea xeral

Propoñer á assemblea os regulamentos interiores para o uso polos asociados das instalacións e servicios comúns

Propoñer á assemblea, a separación de asociados e a súa readmisión nos casos previstos nos apartados 3 e 4 do artigo 2º

Nomear, se o estima oportuno, un administrador da asociación .

A administración dos bens e fondos da asociación, segundo os plans e presupostos aprobados pola assemblea

Rendir contas á assemblea do resultado da súa xestión en tódolas ordes e preparar e redacta-lo documento a tal efecto preciso

Executa-los acordos adoptados pola assemblea xeral

Regular o seu propio funcionamento e elixir entre os seus membros Vicepresidente, Secretario e Tesoreiro. O Presidente será elixido directamente pola assemblea xeral

Contratar ó persoal que se xulgue necesario para o cobro das cantidades adeudadas á asociación

Exercita-las accions legais correspondentes para o cobro das cantidades adeudadas á asociación


En xeral, calquera outra función que fose encomendada pola assemblea, coas limitacións expresadas no paragrafo 2º do artigo 19


Artigo 27º .- Funcionamento. Acordos


1).- A xunta directiva quedará validamente constituída cando concurren á reunión, presentes ou representados por outro membro da propia xunta, a metade máis un dos seus compoñentes. Os acordos adoptaranse pola maoría absoluta dos votos presentes ou representados na sesión

2).- Cada membro da xunta, terá dereito a voto, calquera que sexa o número dos que lle poidan corresponder na assemblea xeral.

O Presidente, o quen faga as veces, dirimirá os empates


SOCIETY TEXTIL LONJA, S.A.
CIF: A32225003


SOCIETY TEXTIL LONJA, S.A.
CIF: A32225003



3).- As sesións serán convocadas polo presidente o quen lle substitúa en caso de ausencia ou imposibilidade.

4).- Os acordos levaráanse a un libro de actas, que serán asinadas polo presidente e o secretario o por quenes os substitúan. As certificacións do libro de actas requirirán, as firmas do presidente e secretario ou os seus substitutos.

5).- A xunta directiva reuniráse en sesión ordinaria polos menos unha vez cada dous meses, e en sesión extraordinaria cando o decida o presidente ou a petición de tres dos seus membros.

Sección 3ª

O Comité de Dirección

Artigo 28º Composición

1.- A xunta directiva poderá delegar todas ou algunhas das sus funcións ou facultades, agás a de rendición de contas, nun comité de dirección constituído polo presidente e outros dous dos seus membros

2.- A designación destes membros da xunta directiva que teñan que pertencer ó comité de dirección requirirá o voto favorable das dúas terceiras partes dos compoñentes da xunta.

3.- Do mesmo xeito, a xunta directiva poderá delegar as suas funcións ou algunhas delas, agás a rendición de contas, nun administrador que non precisará ser membro da asociación

Artigo 29º.- Funcións

En particular, poderán ser funcións do comité de dirección e do administrador, as seguintes:

Representar á xunta directiva e á asociación en cantos asuntos poidan ser de interese por esta, e conquistar apoderamentos ós que se refire o apartado b) do artigo 26

Executa-los acordos adoptados pola xunta directiva

Xestiona-lo cobro das cuotas e derramas impostas ós asociados

Ordena-los gastos e autoriza-los pagos. A realización dos pagos requirirá duas sinaturas na forma prevista no artigo 30

Vixila-lo cumprimento dos regulamentos interiores aprobados para o uso das instalacións e servizos comúns.

Coordina-las actividades dos diversos servizos da asociación

Propoñer cantas iniciativas e xestións considere convintes para a asociación e os seus membros

MDF

RODRIGUEZ RODRIGUEZ, S.L.
Parque Empresarial de Paraino de Aguiar
RUE DE AGUIAR - Ourense - España
T. 92 055 315

SOCIEDAD TEXILON S.A.
CIF: A-08228903

Propoñer á xunta directiva o nomeamento e a separación do persoal contratado
Vixila-lo despacho e execución dos asuntos xerais da asociación e a boa marcha
dos servizos

Propoñer a xunta directiva premios e correccións para o persoal da asociación

Artigo 30.- Disposición de fondos

A disposición de fondos requirirá a sinatura conxunta do tesoreiro e a do
presidente o secretario da asociación

CAPITULO IV

RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 31º.- Patrimonio da asociación

1.- A asociación carece de patrimonio fundacional. No futuro integraráse polas
aportacións dos asociados e polos bens e dereitos de calquera clase que, de
acordo coas leis reciba de particulares ou de organismos oficiais. Devandito
patrimonio pertencerá exclusivamente á asociación, como persoa xurídica distinta
dos seus membros.

Artigo 32º.- Cuotas e derramas

1.- Tódolos asociados virán obrigados ó sostemento da asociación e dos seus
servizos, satisfacendo ó efecto as cuotas anuais e ordinarias que se acorden pola
asamblea xeral

2.- A fixación das cuotas establécese do seguinte modo:


A cada empresa ubicada no parque empresarial correspóndelle unha cuota e un
voto


3.- No caso de subrogación á que se refire o parágrafo 3 do artigo 2º o sucesor
virá obrigado ó pago das cuotas que o seu cedente tivera pendente

4.- En todo caso, a obrigación de pago corresponde ó propietario das parcelas


5.- O criterio para a determinación do punto 2) será o que corresponda o día 1 de
Xaneiro de cada ano, polo que os asociados deberán comunicar ó presidente e
por escrito, os datos suficientes e necesarios cun adelanto dunha quincena como
mínimo

Artigo 33º.- Destino das cuotas e derramas


SOCIADAD TEXTIL LONIA, S.A.
C.I.F. B2226003


SOCIADAD TEXTIL LONIA, S.A.
C.I.F. B2226003


SOCIADAD TEXTIL LONIA, S.A.
C.I.F. B2226003



1.- As cuotas e derramas enténdense entregadas a fondo perdido. As obras instalacións e servicios que se realicen ou organicen e os bens e dereitos que a asociación adquira a título oneroso ou gratuito de terceiras persoas ou de entidades ou organismos oficiais ou privados, pertencerán á asociación como persona xurídica conforme o artigo 31 e non ós asociados

2.- Excepcionalmente, no caso de que non se leve a cabo proxectos para os que a asociación percibira derramas extraordinarias, poderán éstas ser reintegradas polos asociados, en todo ou en parte, previo acordo da asemblea xeral cunha maioría de 2/3 .

Artigo 34º.- Presupostos

1.- Para cada exercicio económico, a xunta directiva da asociación formulará o correspondente presuposto de gastos e ingresos, que deberá ser aprobado pola asemblea xeral, na forma prevista nos estatutos.

2.- A modificación dos presupostos aprobados requirirá asemblea xeral extraordinaria

Artigo 35º.- Exercicio Económico

Os exercicios económicos coincidirán co ano natural, agás o primeiro que finalizará en todo caso, o 31 de Decembro do ano en curso

CAPITULO V

DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN

Artigo 36.- Causas de disolución

A asociación disolveráse por algunha das causas seguintes:

1.-Por acordo da asemblea xeral co voto favorable dos asociados que representen, alomenos, as dúas terceiras partes dos votos correspondentes á totalidade dos membros da asociación

2.-Por sentenza xudicial

3.-Polas causas establecidas nas disposicións legais vixentes, ou nos estatutos.

Artigo 37º.- Liquidación

SOCIOROTEXIL LONIA, S.A.
CIF B-32226003

PRESE
Día B Mes 05 Año 03

1.- Acordada ou decretada a disolución, procederá o cumprimento das obrigacións pendentes, e asegura-lo pago das que non sexan susceptibles de cumprimento inmediato

2.- No caso de disolución por acordo da assemblea, os asociados non serán responsables de cumprir outras obrigacións que as que eles mesmos contraeran como tales membros da asociación

Artigo 38º.- Destino do patrimonio da asociación

Disolta a asociación, a assemblea xeral acordará por maioría de votos non inferior a dous tercios, o destino que se dará ós bens, dereitos e instalacións e servizos da asociación que poideran quedar, despois de atendidas as obrigacións pendentes.

Artigo 39º.- Liquidadores

De non acordarse outra cousa pola assemblea xeral, por maioría simple, actuarán de liquidadores os membros da xunta directiva.


SOCIEDAD ANONIMA TEL. LONDA, S.A.
C.I.F. 2226000


SOCIETAT ANONIMA TEL. LONDA, S.A.
C.I.F. 2226000


GRUP 54
RA